

Estimadas familias:

Esta semana seguimos propoñendo traballo en distintos formatos:

- ✓ Na páxina web do centro: - Fichas repaso en pdf para poder imprimir ou traballar na libreta.
- ✓ Pequeno proxecto “Caderno de viaxeiro/a”.
- ✓ Ferramenta SNAPPET: onde poden traballar as áreas de lingua galega, lingua castelá e matemáticas.

Con motivo da celebración da semana das **Letras Galegas** poden atopar unha unidade didáctica sobre o escritor homenaxeado **Carvalho Calero**.

Ademais, no seguinte enlace:

<https://view.genial.ly/5ea84324637c610dbf867ff2/game-breakout-letras-galegas-2020>

Teñen a opción de realizar un xogo moi divertido sobre a vida e obra do autor. Como xa levan este traballo en lingua galega esta semana non mandamos ficha de lectura de Fred Quincalla.

- ✓ Esta semana na páxina web do centro dispoñen de tarefas en inglés.

Reiteramos, unha vez máis, que poderán enviarnos algunha das tarefas propostas. Como xa saben as fichas en pdf levan un solucionario para que os alumnos/as poidan autocorrixirse, tal e como facían diariamente na aula. Isto axudaralles a ver os seus propios erros de forma que a aprendizaxe sexa máis eficaz. Polo tanto, esas actividades serán corrixidas por eles.

As tarefas que nos poderán enviar serán as de elaboración persoal, é dicir, o proxecto do caderno de viaxeiro e as fichas de lectura de Fred Quincalla. Estas últimas, preferiblemente, fágannolas chegar unha vez corrixidas polo solucionario para logo nós revisar as producións propias que nelas se propoñen. Cada un pode ir enviándoas segundo as vaia facendo, sen présas, se alguén agora mesmo non comezou o caderno, non vos preocupedes, podedes enviálo cando o teñades feito.

A forma de enviar estas tarefas será a través do correo electrónico. Poden facelo de varias maneiras:

- A máis idónea, sempre que sexa posible, sería escanear na impresora o traballo e enviárnolo.

- Se alguén o ten feito a ordenador mandar o arquivo.

- Por último, de non dispoñer de impresora ou escáner poden sacar unha foto do traballo e mandalo.

Os nosos correos son:

4ºA- celestetato@edu.xunta.es

4ºB sonia.barcala@edu.xunta.es

Moitas grazas pola súa colaboración.

Unha aperta grande e un biquiño para os cativos.

Ánimo e saúde.

As titoras de 4º.